

Políticas de integración. Unha historia por escribir

Antonio Cepeda Fandiño

Publicado en *Tempos Novos*, nº 130 (marzo 2008), p. 101.

Partindo de que a UE marca as directrices en materia de inmigración aos seus estados membros, incluído o español, destaca a inexistencia dunha auténtica política común europea de integración. Acádanse acordos, en cambio, en materia de *control* dos fluxos migratorios (con singular incidencia no sur do continente, consolidando unha realidade de *Europa-fortaleza*), así como en tímidas recomendacións no ámbito dos dereitos, en todo caso non vinculantes. E no substrato, en discursos e prácticas diarias, unha concepción *instrumental* da inmigración, convertendo á persoa de orixe estranxeira en *obxecto*, ben de sospeitas, ben da súa utilización como recurso económico e demográfico, pero nunca como *suxeito* corresponsable nun proxecto común de sociedade.

Cal debe ser, entón, o camiño a percorrer? O máis inmediato, excluír a inmigración da confrontación electoral, sen renunciar con iso ao debate político, que debe ser ulterior, sereno, razoado e razoable. Urxe un pacto sobre inmigración que evite irresponsables demagoxias e sitúe a realidade nos seus xustos termos. Unha vez conseguido isto, débese tomar a integración en serio, asumindo que *integrarse é participar*, desde a diversidade de persoas e colectivos, con medidas concretas: pasar da arcaica relación *ciudadán-nacional* (tradicional-liberal), á de *ciudadán-residente* (base da *ciudadanía inclusiva*, proposta polo profesor Javier de Lucas), como condición para acadar unha participación política, ademais de social; avanzar nun marco legal máis favorable á integración, que permita esa participación (acceso ao traballo e a vivenda, escolas integradoras e non asimiladoras, maior flexibilidade no reagrupamento familiar, ...). En definitiva, integrar cidadáns para construír unha sociedade dinámica. A historia por escribir.